

CARMELA PORTEIRO

As que achegan a ciencia aos océanos

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Xoves, 24 de outubro de 2019



A. gura de Carmela Porteiro amosa o difícil camiño que percorreron as mulleres de ciencia en Galicia durante o último terzo do século XX, etapa en que abriron espazos laborais para as investigadoras que habían de acceder a mundos de homes e moi pouco adaptados a elas, como é o caso da oceanografía, coas súas longas viaxes e expedicións. Hoxe en día, tras esa vía aberta por pioneiras coma Carmela Porteiro, a investigación sobre os recursos mariños conta xa con numerosas mulleres que achegan coñecemento e cultura a este ámbito desde unha maior normalidade igualitaria.

Carmela Porteiro, bióloga experta en avaliación e xestión de recursos mariños vivos, foi investigadora desde os seus inicios no Centro de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO) e tamén a primeira muller en ocupar a vicepresidencia do Consello Internacional para a Exploración do Mar. Como investigadora do IEO, dirixiu expedicións a bordo dos buques Cornide Saavedra e Thalassa, e representou a España en numerosos comités de organismos nacionais e internacionais coma a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura), STCEF (Comité Científico, Técnico e Económico para a Pesca da Comisión Europea) ou a estadounidense NOAA (Administración Nacional Oceánica e Atmosférica).

Seguindo o ronsel de Carmela Porteiro, e antes o doutras pioneiras como Ángeles Alvariño, hai moitas mulleres que están a construír presente e futuro no ámbito da oceanografía. É por iso que esta xornada, organizada polo Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega, quere ser, tamén, un espazo de coñecemento, de reflexión e de debate que permita analizar e descubrir os retos e dificultades das mulleres galegas na investigación científica en Galicia e no mundo.

PROGRAMA

Sesión da mañá

9:30 horas
Presentación

10:00 horas
Mulleres no mar, mulleres na pesca. A singularidade da investigación mariña: Carmela Porteiro
María do Carme García Negro, profesora ad honorem da USC
Presenta: **Elena Vázquez Cendón**, coordinadora da Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do CCG

11:00 horas
Pausa

11:30 horas
Relatorios e debate
A memoria. Pioneiras da investigación mariña
Presenta e modera: **Marilar Aleixandre**, Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do CCG

A muller na historia da investigación mariña do IEO
Victoria Besada Montenegro, Centro Oceanográfico de Vigo, Instituto Español de Oceanografía

Crises, emerxencias e retos nos nosos mares: resposta das científicas no eido da oceanografía en Galicia
Belén Rubio Armesto, Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio e vicerreitora de Investigación, Universidade de Vigo

Mulleres na investigación: unha análise dende a economía
María Loureiro, Departamento de Fundamentos da Análise Económica, Universidade de Santiago de Compostela, Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do CCG

Sesión da tarde

17:00 horas
Presentación da cartografía de Carmela Porteiro no Álbum de mulleres
Mariám Mariño Costales, documentalista do CCG

17:15 horas
Entrevista a Carmela Porteiro
Eduardo Rolland e **Manuel Rey Pan** (Portal GCiencia) e **Inma López Silva**

18:00 horas
Mesa redonda
Retos de futuro
Presenta e modera: **Pablo Carrera**, Centro Oceanográfico de Vigo, Instituto Español de Oceanografía

Iria Fernández Silva, Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía, Universidade de Vigo
Rosa Chapela, Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR
Isabel Riveiro, Centro Oceanográfico de Vigo, Instituto Español de Oceanografía

19:30 horas
Clausura
Inma López Silva, coordinadora da xornada, Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG
María Xosé Porteiro, coordinadora da xornada e directora do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG

ORGANIZA

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos
Consello da Cultura Galega

COORDINA

Inmaculada López Silva
María Xosé Porteiro García

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

